

¿A QUÉN VAI DIRIXIDO?

Saxofonistas de nivel equivalente a grao profesional ou superior.

NÚMERO DE PRAZAS: 8

PREZOS DO SEMINARIO POR ENCONTRO

PARTICIPANTE ACTIVO: 40 € Grao Profesional/50 € Grao Superior.
Participantes da Escola de Música de Valladares: 30 € Grao Profesional/40 € Grao Superior.

PARTICIPANTE OIENTE: 20 € todos os niveis. Participantes da Escola de Música de Valladares sin coste.

Os pagos efectuaránse por cada encontro e nas datas programadas no PLAN DE ACTIVIDADES

INSCRICIÓN E INFORMACIÓN

As/os interesadas/os en participartir nos encontros deste seminario deberán enviar un correo electrónico indicando todos os datos solicitados no BOLETÍN DE INSCRICIÓN antes do 18 de xaneiro de 2018 ao enderezo: seminariosaxofon@gmail.com, ou mediante un WhatsApp ao teléfono: 619 21 28 42.

As solicitudes serán atendidas por rigorosa orde de chegada.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

NOME

APELIDOS

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

NIVEL DE ESTUDOS



SEMINARIO DE SAXOFÓN

RAFA YEBRA

20 Xaneiro - 24 Febreiro - 24
Marzo - 21 Abril - 26 Maio.
Escola de Música/ Auditorio
de Valladares

2018



Para máis información poden dirixirse á Escola de Música de Valladares ou no correo electrónico: seminariosaxofon@gmail.com

SEMINARIO DE SAXOFÓN 2018

OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

Este seminario de saxofón preséntase co obxecto de desenvolver un programa de aprendizaxe actualizado mediante unha metodoloxía activa e participativa na que o centro de atención é o saxofonista participante.

As actividades propostas están orientadas a desenvolver competencias e mecanismos necesarios na formación musical dos saxofonistas a través da aprendizaxe plural e múltiple das distintas propostas e variedades estilísticas do mundo clásico-contemporáneo inherente ao saxofón como instrumento musical.

O seminario estrutúrase en sesións individuais dunha hora por cada participante activo que poderá ademais, asistir en calidade de oínde ás sesións dos demais participantes.

CONTIDOS DO SEMINARIO

Técnica de base, saxofón clásico e contemporáneo, estudos e repertorio para saxofóns, a familia de saxofóns, metodoloxía e técnicas de estudo, audición pública.

FORMATO

O seminario estrutúrase en cinco encontros segundo o plan de actividades 2018.

PLAN DE ACTIVIDADES 2018

MES	DIA	HORARIO	MES	DIA	HORARIO
Xaneiro	20	9-12/16-21	Abril	21	9-12/16-21
Febreiro	24	9-12/16-21	Maio	26	9-12/16-21
Marzo	24	9-12/16-21			

ESPAZO

Escola de Música/ Auditorio de Valladares - Vigo

RAFA YEBRA

Despois de estudar nos conservatorios de Ourense e A Coruña con Narciso Pillo, participa no Seminario de Saxofón Contemporáneo da Escola de Altos Estudos do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) impartido polo saxofonista A. Gomis e en seminarios con J. M. Londeix e M. B. Charrier.

Rafael Yebra foi vicedirector e director do Conservatorio Superior de Música de Vigo, profesor de saxofón en dito conservatorio e impartido docencia en conservatorios superiores de música e universidades en Roma, Viena, Bruselas, Thesalonica e Lisboa dentro do programa de mobilidades Erasmus.

Paralelamente a súa actividade docente como profesor de saxofón, dirixe e coordina os cursos Saxornadas e é profesor residente da Aula Internacional de Saxofón dende a súa creación. Realiza concertos como solista, con Múltiplensembles, con Ensemble de saxofóns S@x 21, TAC (Taller Atlántico Contemporáneo), Orquestra Sinfónica Vigo 430, Real Filarmonía de Galicia ou a Orquestra Sinfónica Cidade de Pontevedra, entre outras.

Na súa aposta pola música actual ten estreado obras de Jacobo Gaspar, Pablo Beltrán, Luis Carro, María García- Mendoza, Jesús González, Fernando Buide, Eduardo Soutullo, Eckart Beinke, José Luís Campana, Helmut Oehring o Christophe Havel, entre outros.

No ano 2009 crea o grupo MULTIPLENSEMBLE, agrupación que se presenta por primeira vez dentro do Festival ARE MORE de Vigo en colaboración co GOETHE INSTITUT de Madrid e o Colectivo Al-ga, nun ciclo monográfico adicado aa compositor alemán K. Stockhausen, Con Múltiplensembles estrea dirixe no ano 2012 o espectáculo multidisciplinar Visións Sonoras sobre o Lérez, patrocinado polo Concello de Pontevedra e que se presentou na praza do Teucro en Pontevedra con motivo do día europeo da música.

No ano 2008 participa na grabación da obra Miniatura Mantis da compositora María García-Mendoza patrocinado pola fundación Cuña-Casasbellas e en 2010 participa na grabación da obra para saxofón barítono e electrónica do compositor Antonio Rocha con motivo do ciclo XV da Asociación Galega de Compositores. En 2015 coa Real Filarmonía de Galicia participa na primeira grabación mundial da obra Guitar para orquestra do compositor suízo Frank Martin.

Actualmente está traballando en diferentes proxectos nos que intenta conxugar a música clásica actual (contemporánea) co rock, jazz e outros estilos populares nun intento de conciliar ao público xeral coa música actual e popular de xeito que nos permita disfrutar da realidade sonora que estamos a vivir.